



Empezamos a era Guardiola

Amigos, empezamos outra tempada máis, a número 11 da peña e na que esperamos disfrutar co noso equipo e voltar á senda dos títulos. Visto o comezo da pretempada parece que a cousa ten boa pinta, pero hai que esperar a ver como se acoplan as novas fichaxes e sobre todo, da-lo noso apoio a este novo proxecto.

En canto á peña pasamos a informar das actividades, ou de parte delas, que imos celebrar ó longo dos próximos meses. Decir que estamos abertos ás sugerencias de todo-los socios así como se alguén quere facer unha viaxe pola sua conta e tramita-la petición de entradas por conta da peña, só o ten que comentar. Neste caso e ante a posibilidade de que haxa problemas de entradas, terán preferencia os que antes o soliciten.

Bueno, para o día 15 de agosto, temos programado facer un torneo de basket 3*3, que se celebrará na pista deportiva que hai a carón da igrexa de San Miguel. Animamos a todos a facer un equipo e participar ou comentarillo a algún coñecido, así como o que non esté en disposición de xogar esperamos que nos acompañe nesta mañá do venres. O torneo comeza ás 11 h. e o prazo para apuntarse remata media hora antes.



En segundo lugar está a churrascada de comezo de tempada, que se celebrará o día 6 de setembro. Como os anos anteriores e se algún dos socios non nos pide que sexa noutro sitio, tentaremos organizala no Popeye.

Nesta churrascada decidiranse as viaxes que se farán na tempada, así que cada un mire o calendario de liga e que nos traia a sua idea. Dado que o partido de Xixón cae a mediados de setembro, dende a peña permitímonos seleccionalo de oficio e empezar a organizalo. Queremos avisar que neste caso é moi probable que haxa problema de entradas, así que terán preferencia os socios que estén ó corrente do pago nesta tempada 2.008-2.009. Queremos avisar con tempo para que logo non haxa malos entendidos.

Como é habitual o pago da cota de socio pódese facer en efectivo a calquer directivo, mediante ingreso en conta bancaria da peña ou por domiciliación. Os que tenen domiciliado o pago de anos anteriores contade que pasaremos ó cobro a finais de agosto. Os que queiran domiciliar poden comunicárnolo dándonos un número de conta bancaria. Lembrar novamente que para ter todo-los dereitos é imprescindible estar ó corrente nos pagos.

Os números de conta onde podeades face-lo ingreso son:

CAIXA GALICIA: 2091 0142 57 3040004289

LA CAIXA: 2100 4949 63 2200015422

BANCO PASTOR: 0072 0219 69 0000101431

En canto ás ceas, faremos 2 como soe ser habitual, a de Nadal o día 20 de decembro e a outra ó remate da tempada. Tentaremos facer no mes de maio ou xuño (dependendo da colaboración dos socios), un maratón de fútbol 7 de peñas barcelonistas.

Decir tamén que nos seguiremos xuntando para ve-los partidos por tv, esperando ser un bo número de barcelonistas para facer frente á invasión de extraterrestres.

Por último comentar que a peña ten unha páxina web con dirección <http://penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com>, así como solicitar ós que teñan correo electrónico que no lo digan para mandarvos máis información barcelonista.

Finalmente pedirvos que animedes a algún amigo a facerse socio, queremos seguir medrando en cantidade e calidade.

Saudos e VISCA O BARÇA